

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA FACTURACIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS (FRACCIÓN RESTO, FRACCIÓN ORGÁNICA, FRACCIÓNS SELECTIVAS), XESTIÓN DO PUNTO LIMPO MUNICIPAL E LIMPEZA VIARIA, ASÍ COMO DO SERVIZO DE TRATAMENTO DE RESIDUOS.

Visto o expediente tramitado para a modificación do orzamento mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 66-2024, por un importe total de 216.500 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da facturación correspondente ao mes de outubro do servizo de recollida de residuos (fracción resto, fracción orgánica, fraccións selectivas), xestión do punto limpo municipal e limpeza viaria, así como do servizo de tratamento de residuos.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1742/2024, do 29.11.2024 así como o RCMOD Ref.: 80467/2024, por importe de 216.500 €, do 28.11.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financieiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Porén neste caso, corresponde a aplicacións da mesma área de gasto, e co mesmo responsable da área xestora, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais, e enténdese que cando menos en parte derivan da variación do prezo por tonelada que se aboa a URBASER polo tratamento de resíduos que tivo lugar a mediados de 2024, polo que podía non ser previsible ao inicio do ano.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 216.500 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS	IMPORTE €	APLICACIÓN	IMPORTE €
-------------	-----------	------------	-----------

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3387838217666587860.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 66-2024 Sogama e Urbaser

ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO		ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	
13200.12003	216.500,00 €	16210.22799	216.500,00 €
TOTAL	216.500,00 €		216.500,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.